

# A LEDICIA DE LER

“Un libro sobre o galego”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 15 de setembro de 1983



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

## Un libro sobre o galego

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 15 DE SETEMBRO DE 1983

A calma do verán serve para ler libros que pasaran xa aos andeis de espera por falta de tempo na época da súa publicación. É o que ocorreu con *A lingua galega e os seus problemas* de Juan José Moralejo Álvarez, editado por Galaxia hai pouco máis de un ano. En realidade, o seu contido xa o coñecía, porque fora aparecendo previamente neste mesmo periódico en forma de artigos ocasionais referidos ao tema que agora se enuncia no título. De aí, esta longa agarda para volver a lelo. A impresión desta segunda lectura, non obstante, é distinta. Desaparecidas as circunstancias inmediatas que motivaron os artigos, estes adquiriron quizais unha nova dimensión, pero conservan todo o seu interese.

Trátase dunha escolleita de pouco máis de trinta breves traballos que versan sobre diversos problemas relacionados co galego: desde os puramente ortográficos ata os sociolóxicos e lingüísticos. En xeral, están escritos nun ton polémico, cos coñecidos ingredientes característicos da prosa periodística do seu autor: humor, ironía, sarcasmo, sátira... É dicir, un estilo fresco e informal que contrasta coa solemnidade, o engolamento e a crispación con que frecuentemente se trata das cuestións relativas á lingua. Por outra parte, Juan José Moralejo aplícalle ao obxecto do seu estudo doses abundantes de realismo e sentido común, dous compoñentes que con igual frecuencia faltan tamén no trato das referidas cuestións.

Pero por riba, ou por baixo, de ton e de estilo tan saudables, está a boa formación do lingüista profesional, que Alonso Montero se encarga de recordar para o lector desde o prólogo do libro. O humor e a graza son a simple coida; o demais é boa doutrina filolóxica aplicada por un catedrático de grego ao que non lle é alleo o galego vivo, que bebeu na boa fonte ourensá de Cortegada. Isto da seriedade técnica é un dos valores que un máis estima nos escritos sobre lingua galega, tantas veces asaltados pola dogmática ousadía de afeccionados de tan boa vontade como escasas luces. Fronte a eles, libros como este de Juan José Moralejo, iluminan como se fora día.

\* \* \*